


CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 8 - 2023

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)



CUMIEIRA

*Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega*

Vol. 8 – 2023

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 8/Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2023

132 p.; 24 cm

D.L. VG 648-2023

ISBN 978-84-8158-987-0

1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Iría Domínguez Márquez, Simon Moll, Estefanía López Tanoira, Lucía Salceda García, Aranzazu Luna Díaz, Helena Domínguez García

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Revisión científica do volume 8:

Benigno Fernández Salgado (UVigo), Ana Iglesias Álvarez (UVigo), Antía Monteagudo Alonso (UVigo - CILR), Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

Edición:

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

Impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Dep. Legal: VG 648-2023

ISBN: 978-84-8158-987-0

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega aparece recollida na base de datos DIALNET, en BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL.

Índice/*Index*

- 9** Limiar /
 Introduction
- 11** IRIA DOMÍNGUEZ MÁRQUEZ
 O emprego do artigo co posesivo con nomes de parentesco no galego contemporáneo /
 The use of the article with the possessive with names of kinship in the contemporary Galicians
- 41** SIMON MOLL
 Identidades, ideoloxías e actitudes lingüísticas dos neofalantes /
 Linguistic identities, ideologies and attitudes of new speakers of Galician
- 69** ESTEFANÍA LÓPEZ TANOIRA
 Monolingüismo en educación infantil: as linguas dos pais e o alumnado dun CEIP de Pontevedra /
 Monolingualism in early childhood education: The languages of parents and pupils in a Pontevedra Primary School
- 105** LUCÍA SALCEDA GARCÍA
 A figura literaria da bruxa como ferramenta de análise dos roles de xénero nas aulas /
 The literary figure of the witch as a tool for analyzing gender roles in the classroom
- 121** Recensións / *Reviews*

 Rivas, Fabio (2023): *A pintura debida*. Vigo Edicións Xerais,
 por ARANTXA LUNA DÍAZ.

 Luna, Aranzazu / Gonzalo Navaza (2022): *Toponimia do Val de Fragoso 8. Valadares*. Vigo: ANL / Universidade de Vigo,
 por HELENA DOMÍNGUEZ GARCÍA

- 127** Autoras e autores de *Cumieira*, vol. 8 /
Cumieira's *authors*
- 129** Normas para o envío de orixinais /
Manuscript submissions guidelines. Information for authors

IDENTIDADES, IDEOLOXÍAS E ACTITUDES LINGÜÍSTICAS DOS NEOFALANTES

*Linguistic identities, ideologies and attitudes
of new speakers of Galician*

Simon Moll

Freie Universität Berlin
simonmoll@t-online.de

DOI: <https://doi.org/10.35869/cumieira.v8.23.2>

Resumo: Este traballo describe as actitudes, identidades e ideoloxías dos neofalantes a partir das entrevistas semiestruturadas a cinco participantes seleccionados conforme a área de investigación. O obxectivo principal era cubrir as carencias de investigación neste ámbito da Filoloxía galega. As entrevistas enmarcáronse tematicamente na súa reflexión da autoimaxe como neofalantes, no contexto lingüístico-cultural, lingüístico-práctico e lingüístico-político de Galicia, ademais doutros aspectos. Constatouse que a correlación entre as condicións históricas, culturais e políticas da Sociolingüística galega influía nas identidades, ideoloxías e actitudes dos participantes. Ademais, poderían complementarse os resultados de investigacións coñecidas anteriormente, o que pon de manifesto a necesidade dun proceso de investigación máis profundo no ámbito estudado.

Palabras chave: identidade, ideoloxía, actitude, neofalantes.

Abstract: The purpose of this article is to describe the attitudes, identities and ideologies of the new speakers of Galician. Our research was conducted through the use of semi-structured interviews with five suitable participants from the area under investigation. The main aim was to fill research gaps in Galician philology. Therefore, there are not many previous studies in this field. The interviews were thematically framed in terms of their reflection on their self-image as neofalantes, within the Galician cultural, practical and political context. It was found that a correlation between the historical, cultural and political conditions of Galicia's sociolinguistics has an influence on the participants' identities, ideologies and attitudes. In addition, previously known research findings could be supplemented by ours, thus emphasising the need for a further research process of the area under study.

Keywords: identity, ideology, attitude, new speakers of Galician.

1. Introducción¹

Poucas veces se examinaron as relacións dos individuos coa sociedade con tanta intensidade e tantas formas coma actualmente. Por iso, as preguntas sobre a confrontación da propia identidade, tanto no ámbito persoal coma social, son dende hai tempo un campo de investigación indispensable nas humanidades. Neste sentido, non só son relevantes as identidades individuais e colectivas, senón tamén as cosmovisións, os valores de pensamento e as normas, que se resumen co termo «ideoloxías». Nas complexas sociedades multiculturais e plurilingües, sobre todo coa inclusión dunha minoría lingüística, estas cuestións están omnipresentes, polo que non se poden separar destes factores as tendencias perceptivas, valorativas e de acción non só do individuo senón tamén do colectivo.

Un destes ámbitos das linguas minorizadas onde estas cuestións teñen comparativamente maior urxencia é Galicia. A convivencia social de castelanfalantes e galegofalantes fai necesario formular cuestións de identidade individual e colectiva, a propia imaxe e a dos demais, e as actitudes que os acompañan, que están condicionadas polas ideoloxías. A reflexión sobre estas cuestións adoita ser complexa, xa que a composición da sociedade galega é bilingüe e os límites respectivos destes conceptos son difíciles de distinguir.

Un fenómeno emerxente na condición plurilingüe de Galicia son os *neofalantes*, é dicir, castelanfalantes nativos que aprenden galego ao longo da súa vida, co que a lingua de nova aprendizaxe adquire maior significado. Este artigo sitúase precisamente neste contexto de plurilingüismo e linguas minorizadas e dedícase ao estudo do tema dos neofalantes do galego, alén de abordar especificamente os conceptos de *identidades*, *ideoloxías* e *actitudes lingüísticas*.

Debido ao limitado número de traballos existentes sobre este tema, preténdese ofrecer unha visión actualizada dos devanditos conceptos para os neofalantes. En concreto, considéranse as actitudes cara a Galicia no contexto lingüístico-práctico, lingüístico-cultural e político-lingüístico, así como a autoimaxe como neofalantes.

Para acadar este obxectivo, ademais da explicación dos conceptos teóricos relevantes, optouse por un enfoque de investigación cualitativo co fin de afondar nas identidades, prácticas e ideoloxías, e mais nas actitudes dos neofalantes a partir de entrevistas semiestruturadas.

¹ Este artigo baséase nunha tese de licenciatura en Filoloxía española da Johannes Gutenberg-Universität en Mainz (Alemaña). En consecuencia, quero aproveitar esta ocasión para agradecer a súa disposición e apoio ao meu supervisor, o Dr. Mario Ruiz Moreno.

2. Os neofalantes: identidades, ideoloxías e actitudes lingüísticas

Para conseguir os obxectivos deste artigo, primeiro consideraremos o que entendemos exactamente por *new speaker* ou *neofalante*. Un neofalante é basicamente un suxeito lingüístico que debe situarse, xeralmente, en «contextos de minorización lingüística» (Ramallo 2021: 230). Xa foi considerado dentro da investigación de varias linguas minorizadas, aínda que máis recentemente houbo un aumento de novos falantes de ucráino debido á guerra en Ucraína, e, en consecuencia, dado que esta lingua non é minorizada, sería, sen dúbida, unha cuestión que queda por aclarar na investigación dos *new speakers*.

En xeral, o concepto de *neofalantes* describe un «regular use of a language that is not their first language, but a language they acquired outside of the home, often through the education system or as adult learners» (Soler/Darquennes 2019: 468) e, en certo modo, «a new language or languages as additive, as opposed to subtractive processes» (O'Rourke/Ramallo 2018: 92). Dado isto, Monteagudo/Loredo/Vázquez (2016: 12) falan de «Galegofalantes de orixe predominantemente non galega ou mixta. Este grupo inclúe os individuos con proxenitores directos que lles falaban en castelán e outras linguas».

Neste sentido, tamén cómpre ter en conta os «cambios personales y/o sociales» (Amorrortu *et al.* 2019: 8) que motivan a un falante a cambiar a súa práctica lingüística en favor da lingua minorizada. Así mesmo, xunto coa motivación persoal e social, tamén se fai referencia aos «creative and innovative aspects of this process» (O'Rourke/Ramallo 2018: 92). Moitas veces, este «language shift and revitalization» (Jaffe 2015: 23) é unha idea de multilingüismo recentemente adquirida. Ademais, «ideological, political or socio-cultural reasons» (Tomé Lourido/Bronwen Evans 2021: 7) poden ser un factor decisivo de influencia: «the 'new speaker' raises fundamental questions about what it means to be a speaker of a minority language at a particular moment in that language's social trajectory» (Jaffe 2015: 23). Este proceso tamén recibe o nome de «majority language displacement» (O'Rourke/Ramallo 2013: 289) e serve para establecer a lingua minorizada.

Tamén é importante a relación entre os neofalantes e a política lingüística (cf. Soler/Darquennes 2019: 469). Aquí ten lugar un proceso de «recuperación lingüística» (Amorrortu *et al.* 2019: 17), que implica un «proceso muy complejo, que requiere no solo de la voluntad de los hablantes sino, particularmente, de un plan de acción estructural convenientemente diseñado, ejecutado y evaluado con el fin de volver a crear el valor de uso que las comunidades lingüísticas minorizadas

necesitan». Neste proceso de recuperación lingüística, en parte motivado e organizado politicamente, hai que mencionar a importancia das institucións educativas. A política lingüística descrita adoita aplicarse aos mozos falantes no transcurso do sistema educativo.

No caso de Galicia, os neofalantes considéranse, segundo (O'Rourke/Ramallo 2013: 288) como un:

product of language revitalization policies in place since the 1980s following Spain's transition to democracy and the inclusion of Galician in domains of use from which it was previously absent including education and public administration.

En particular, a implantación do galego no sistema educativo descríbese como esencial para a aparición de neofalantes (cf. Mosquera Castro 2019: 132); máis do 90 % tivo contacto co galego na escola por esta vía (cf. Monteagudo/Loredo/Vázquez (2016: 216). Entre outras cousas, isto levou a discusións sobre o que en primeiro lugar era un neofalante. Ramallo/O'Rourke (2014: 100) describen unha categorización coma a seguinte:

Esencial	Fala só galego, mesmo con persoas que prefiren falar castelán.
Funcional	Uso no contexto informal ou institucional.
Ocasional	Coñecemento e ámbito de uso limitados; uso maioritariamente inconsciente.
Potencial	Poboación castelanfalante menor de 50, satisfeita cos coñecementos actuais de galego.

Táboa 1: Categorización de neofalantes segundo Ramallo/O'Rourke (2014).

Isto demostra que os neofalantes poden ser «both —Spanish and Galician— dominant, supporting the idea that neofalantes have a hybrid variety» (Tomé Lourido/Bronwen Evans 2021: 1). Tamén é relevante a respectiva biografía lingüística, por exemplo, se unha persoa viviu en Galicia durante a infancia ou, moito menos frecuentemente, se se trasladou a Galicia por razóns profesionais e económicas (cf. O'Rourke/Ramallo 2018: 93).

Neste contexto, Amorrortu *et al.* (2019: 17) describen que aínda que o galego adoita aprenderse fóra do ámbito familiar, as cifras mostran que a gran maioría ten algún contacto temperán co galego (cf. Monteagudo/Loredo/Vázquez (2016: 116).

En xeral, os neofalantes son só o 1,8 % da poboación de Galicia, o que representa o 4,84 % dos galegofalantes, un número bastante reducido (ibíd.: 113). Non obstante, estas cifras están en constante aumento (ibíd.: 257) e os «neofalantes manteñen unha presenza estable» (ibíd.: 260).

O perfil *ideal* dun neofalante descríbese como «personas urbanas, jóvenes, competencialmente bilingües y con acceso a estudios superiores» (Moralejo Silva/Ramallo 2019: 171). A Universidade, en particular, descríbese como o espazo máis común no que se xeran neofalantes (ibíd.: 170). Isto xa mostra un forte contraste cos galegofalantes tradicionais, que máis ben poden ser descritos como unha poboación rural envellecida (cf. IGE 2019).

Como xa se dixo, a práctica lingüística dos neofalantes é moitas veces unha cuestión ideolóxica (cf. Tomé Lourido/Bronwen Evans 2021: 7). Este vínculo ideolóxico tamén dá lugar a efectos identitarios, que se analizan con detalle a seguir.

En primeiro lugar, «biographical factors» (Urla/Ramallo 2021: 4) de cada neofalante son moi relevantes. Porén, coñécense algunhas características identitarias e ideolóxicas importantes das persoas neofalantes nun sentido máis amplo. En xeral, o neofalante «idealises becoming an L2 speaker and, as such, makes it a highly emotive process» (O'Rourke/Ramallo 2018: 99). Isto tamén inclúe «lifestyle changes which can sometimes manifest themselves in the multi-sensory and/or physical characteristics adopted by an individual» (id.). Entre outras razóns, isto débese ao coñecemento adquirido da lingua minorizada e da comunidade lingüística: «less in terms of how they learned the language, and more in terms of how they understand themselves, their subjectivity, and their linguistic practice» (Urla/Ramallo 2021: 6).

Os neofalantes tentan así rehabilitar o galego en diversos ámbitos sociais, o que é especialmente válido no contexto urbano (cf. Moralejo Silva/Ramallo 2019: 167). «New speakers' use of Galician in urban spaces can thus be seen to break this long established social norm» (O'Rourke/Ramallo 2018: 103). Así, os neofalantes caracterízanse por «usos máis galeguizados, tanto na oralidade coma na escrita» (Monteagudo/Loredo/Vázquez (2016: 263).

Non cabe dúbida de que os neofalantes tamén teñen unha compoñente emancipadora, «que supón una reacción contra la substitución lingüística» (Moralejo Silva/Ramallo 2019: 167).

Ademais, descríbese unha relación persoal na construción dunha identidade galega (cf. O'Rourke/Ramallo 2018: 94), que tamén pode cualificarse como unha «transformación de calado político e ideolóxico, en la medida en que con la

conversión se transforman tradiciónes, formas de vida, identidades, fidelidades personales y relaciones sociales» (Ramallo 2018, *apud* Moralejo Silva/Ramallo 2019: 167). Iso representa «una forma común de resistencia, más o menos consciente, a la substitución lingüística en la que ha transitado su experiencia vital previa» (Amorrortu *et al.* 2019: 17). O'Rourke/Ramallo (2018: 103) describen tamén unha forte relación co movemento independista e/ou nacionalista de esquerdas, que mesmo resulta nunha «overpolitisation of the language as a communicative expressive activity». O'Rourke/Ramallo (2014: 153) e O'Rourke/Nandi (2019: 500) tamén reclaman unha forte conexión cos movementos nacionalistas.

O conxunto destes procesos permite que un neofalante exprese unha especie de identidade recentemente descuberta (cf. O'Rourke/Ramallo 2018: 104). Ademais do desexo natural de identidade, tamén se formulan «questions of the speaker's sense of authenticity [...], as well as speaker consciousness or agency» (Urla/Ramallo 2021: 4). A autenticidade é especialmente importante respecto á autoimaxe en relación cos falantes nativos segundo Jaffe (2015: 23):

the 'native speaker' is the unmarked 'old/traditional' and 'authentic' speaker who exists both 'up', in terms of competence, and 'back', in terms of time. This raises questions about, 'nativeness' as a source of authority and as a target in the upward movement of language revitalization and the creation of new speakers.

Por este motivo, é frecuente que os neofalantes afirmen que os falantes nativos teñen conexións históricas e, no seu caso, biolóxicas coa lingua (cf. O'Rourke/Ramallo 2018: 101). En consecuencia, eles mesmos consideran a súa capacidade lingüística inferior: «They described their own more standardised variety as 'bookish' and as a tell-tale sign of their new speaker identity» (ibíd.: 100). Pola contra, os neofalantes son apreciados por moitos falantes nativos por iso (íd.). Por outra banda, os neofalantes vense «as playing a key role in securing the future of the language» (ibíd.: 104). Neste caso, o foco está principalmente na transmisión interxeracional (cf. Ramallo 2021: 234).

3. Estudo empírico

3.1. Procedemento metodolóxico

Na investigación empírica xeral, distínguese entre métodos cuantitativos e cualitativos, que deben escollerse en función da pregunta de investigación. Dado que

o traballo que nos ocupa trata de cuestións que requiren unha análise polo miúdo dos datos e non poden presentarse nun procedemento que opere con números, optouse polo enfoque cualitativo. Non obstante, dado que a investigación de identidades, actitudes e ideoloxías require un tratamento detallado das preguntas, o camiño seguido foi un estudo de entrevistas como método para ter unha fonte de datos máis completa. Ademais, pódese obter información detallada sobre as experiencias e impresións dos participantes sobre un tema concreto, cuxas explicacións complementarán as preguntas da guía da entrevista. En relación co campo de análise, os estudos de entrevista son «a useful method of data collection in identity research» (Razaei 2017: 176).

Misoch (2014: 65) describe un gran número de conceptos e métodos diferentes para realizar estudos cualitativos. Neste traballo optouse por unha entrevista semiestruturada, centrada en problemas, que permita a observación das cuestións socialmente relevantes. O obxectivo é investigar os puntos de vista subxectivos e as construcións de significado dos individuos con respecto a un tema concreto, para chegar finalmente a xeración dunha teoría, que se analiza a partir das narracións do entrevistado (íbid.: 71-72). Este método ofrece algunhas vantaxes, xa que a subxectividade é un elemento central no campo das ideoloxías e actitudes.

3.2. Guía de entrevista

A realización das entrevistas está orientada por unha guía que especifica os temas e preguntas relevantes, pero non á orde dos temas nin ás opcións de resposta (íbid.: 13). A guía foi creada a partir dos conceptos e preguntas teóricas. Formáronse nas categorías de identidade, ideoloxía e actitude. Tamén se incluíu unha pregunta introdutoria aberta. A suma de preguntas (34) dividiuse en catro bloques temáticos:

- A. «Galicia no contexto lingüístico-práctico»
- B. «Galicia no contexto lingüístico-cultural»
- C. «Autoimaxe como neofalante»
- D. «Galicia no contexto político-lingüístico»

O bloque temático «Galicia no contexto lingüístico-práctico» serviu para identificar prácticas e expresións relativas a situacións comunicativas concretas co fin de xerar expresións identitarias e ideolóxicas cara á sociedade que fala galego e castelán.

Neste contexto, as preguntas sobre as actitudes ante as prácticas en diferentes situacións teñen como obxectivo coñecer que motiva os comportamentos (por exemplo, o cambio de código), que lingua se pode considerar máis cómoda, estigmatizada ou socialmente privilexiada e como é de leal, orgullosa ou pexorativa a persoa cara ás linguas respectivas, castelán ou galego.

As cuestións do bloque «Galicia no contexto lingüístico-cultural» teñen como obxectivo a imaxe da identidade galega en xeral, onde os participantes, segundo o seu enfoque individual, poden presentar a súa percepción persoal. Isto proporciona información sobre perspectivas históricas, sociais e culturais, así como sociolingüísticas. En particular, investígase ata que punto a identidade galega está vinculada á lingua e se considera esencial para a continuidade da identidade colectiva de Galicia.

O terceiro bloque temático, «Autoimaxe como neofalante», é fundamental e relevante para o estudo da identidade. Neste caso, céntrase en como se configura a propia percepción como parte da sociedade galega, sobre todo en relación á propia imaxe de neofalante fronte aos falantes nativos; pero tamén no sentido de pertenza a un colectivo galego, castelán ou bilingüe. Canto á práctica lingüística, examinaremos tamén en que medida os entrevistados avalían a súa propia práctica lingüística do galego.

No último bloque temático, «Galicia no contexto político-lingüístico», abordaranse especialmente as referencias á percepción política(-lingüística), xa que son de grande importancia no contexto de Galicia. Ademais da avaliación da política lingüística pasada, actual e posiblemente futura de Galicia, dá lugar para falar de posibles medidas e dos procesos da *normalización* para poder considerar as actitudes e ideoloxías no contexto da sociedade multilingüe.

3.3. Cuestionario sociolingüístico

Como é habitual na maioría dos estudos sociolingüísticos, elaborouse un cuestionario de antecedentes. O seu obxectivo é obter datos persoais como idade, sexo, nivel educativo e lugar de nacemento. Esta información é relevante para a selección dos participantes nas entrevistas, que deben coincidir co perfil definido para o obxectivo desta investigación. Ademais, o perfil de preguntas creado permite incluír na análise posterior das entrevistas factores lingüísticos biográficos, coma o feito de medrar en zonas urbanas, a idade de adquisición do galego e os factores da práctica e preferencias lingüísticas actuais. Finalmente, a lingua de orixe cobra a maior importancia.

3.4. Selección dos entrevistados

Dado que a definición do perfil dos participantes é fundamental para que o estudo empírico teña resultados ben fundamentados, isto pon de manifesto a necesidade dunha definición e explicación dos criterios empregados para seleccionar os participantes. Así, como xa se dixo, o factor central dun neofalante galego está definido pola L1, que non debe ser o galego. Tendo en conta que só o 4% da poboación galega está formada por emigrantes (cf. Ramallo/Vázquez-Fernández 2020), é obvio que, no contexto dos neofalantes, o foco céntrase nas persoas que naceron en Galicia ou viviron a maior parte da súa infancia en Galicia e pasaron polo sistema educativo. En consecuencia, a política lingüística de recuperación lingüística tende tamén a centrarse neste colectivo máis amplo e ten como obxectivo a fixación da lingua, que se produce principalmente (pero non só) nos centros de ensino. Por iso, defínese como condición previa para o perfil dos participantes a ampliación do perfil da práctica lingüística desde unha biografía lingüística castelán-monolingüe a unha biografía lingüística bilingüe castelán-galego durante a infancia ou adolescencia no sistema educativo; deste xeito, o presente estudo ofrece un valor engadido.

3.5. Realización das entrevistas

A busca dos participantes nas entrevistas viuse facilitada por unha estadía ERASMUS do responsable do estudo na Universidade de Vigo. Alí, buscáronse participantes coa axuda de profesores e compañeiros.

En total atopáronse cinco voluntarios axeitados, que foron contactados principalmente a través do servizo de mensaxería WhatsApp ou por correo electrónico. Despois do contacto inicial cos participantes e da comparación do cuestionario sociolingüístico cuberto, os participantes foron invitados a unha sala de conferencias a través de Zoom. Tendo en conta a competencia lingüística do entrevistador, a entrevista podía realizarse en castelán ou en galego. Todos os participantes fixeron a entrevista en galego, que ademais foron gravadas. O proceso, a busca de participantes e a realización das entrevistas realizouse no ano 2022.

Nun principio, os participantes foron informados das condicións formais da entrevista, que incluía a fase de información segundo Misoeh (2014) sobre o estudo e os seus obxectivos, así como a normativa de protección de datos. Preguntóuselles expresamente sobre a comprensión e o consentimento das condicións mencionadas e tamén se lles ofreceu a posibilidade de facer máis preguntas.

O ambiente da entrevista foi sempre agradable, dado que algúns participantes xa coñecían o responsable do estudo; igualmente, outros foron moi abertos debido ao seu interese polo galego; ademais, situábanse nun grupo de idade similar. Na súa maior parte, non houbo interrupcións técnicas.

Cada entrevista durou unha media de 49 minutos, o que resultou nun total de 246 minutos de datos.

3.6. Avaliación das entrevistas

Despois da recollida de datos, analizáronse as entrevistas a través de transcripcións coa axuda das gravacións e procesáronse co programa MAXQDA. Dentro da análise cualitativa hai tamén varios métodos para a avaliación das entrevistas; non obstante, como a metodoloxía da entrevista semiestruturada e a guía foron elaboradas segundo Misoch (2014), usouse tanto o enfoque indutivo coma o dedutivo.

3.7. Participantes

Co fin de manter o anonimato, asígnouse a cada entrevistado un pseudónimo; tampouco se dá información concreta sobre o lugar de residencia habitual.

A primeira entrevista piloto realizouse con LUCÍA. Ten 29 anos e naceu e creceu en Vigo. LUCÍA comentou que escoitou o galego no ámbito familiar, por exemplo coa avoa, aínda que dixo que estaba moi castelanizado. Outra fonte foi a televisión. Así mesmo, podemos dicir que o seu coñecemento da lingua era pasivo, xa que a súa familia só falaba castelán con ela. Segundo o perfil definido, LUCÍA aprendeu galego na escola; porén, con 24 anos, cambiou considerablemente a súa práctica lingüística no contexto universitario. Tamén hai que mencionar que LUCÍA é estudante de Lingüística aplicada.

Outra participante foi ARANTZA. Ten 31 anos e naceu e creceu en Lugo. Igualmente menciona que escoitou algo de galego na casa, pero moi limitado. Destaca que o castelán era o único idioma que se falaba. O galego adquiríase na escola. ARANTZA describe un cambio significativo na práctica lingüística aos 27 anos.

NEREA tiña 35 anos no momento da entrevista. Tamén naceu en Lugo, só falaba castelán na casa e, polo tanto, tiña un coñecemento pasivo do galego, especialmente por programas galegos na televisión. Porén, NEREA describe que dende que aprendeu galego na escola, fala galego con máis frecuencia. NEREA agora traballa como profesora de lingua galega.

O único participante masculino foi XACOBO. Ten 23 anos e naceu na Coruña. Describe que non coñeceu a ninguén que falase galego ata que comezou a escola e que só aí entrou en contacto coa lingua. XACOBO comezou a falar galego aos 15 anos. Cabe destacar que xa é graduado en Filoloxía galega.

Isto último tamén se aplica a UXÍA, a última participante, con 21 anos no momento da entrevista. Aínda que UXÍA naceu en Latinoamérica, aos 4 anos trasladouse a Vigo e alí adquiriu o idioma na escola. A súa familia é monolingüe en español. Describe como integrou máis o galego na súa vida cando comezou a estudar na Universidade aos 19 anos.

4. Resultados das entrevistas

4.1. «Autoimaxe como neofalante»

A continuación, abórdase o primeiro bloque temático da entrevista. En primeiro lugar, a maioría dos participantes descríbense basicamente como bilingües:

- 1.1. NEREA: pero considérome bilingüe porque falo galego dende hai moitos anos²
- 1.2. LUCÍA: poderíame considerar bilingüe
- 1.3. ARANTZA: si que podo dicir que son bilingüe
- 1.4. UXÍA: Eh, vou seguir sendo toda a vida bilingüe

Non obstante, cómpre sinalar que o uso que fai LUCÍA do condicional revela unha certa inseguridade sobre o seu plurilingüismo, aínda que domina as dúas linguas. Só XACOBO se describe como monolingüe:

- 1.5. XACOBO: estou a facerme monolingüe practicamente

Non obstante, reconécese que todos os participantes, a pesar da súa identidade predominantemente bilingüe, senten unha maior pertenza ao galego:

- 2.1. NEREA: [teño] vínculos máis profundos coa lingua galega
- 2.2. ARANTZA: me parecía máis coherente coas miñas, cos meus intereses e as cousas que lles dou a importancia
- 2.3. UXÍA: que son unha adoptada galega e nada máis que galega

² Respéctanse a formas lingüísticas empregadas polos entrevistados.

Isto vai xunto cunha alta conciencia lingüística de todos os participantes, o que inflúe nunha identificación consciente. Isto pódese ver nas seguintes afirmacións:

- 3.1. ARANTZA: un esforzo bastante consciente para falar galego
- 3.2. UXÍA: o punto chave é, pois, a concienciación do Neofalantismo
- 3.3. XACOBO: descubrín que había xente que falaba galego e decidín que quería facelo tamén

O uso do termo «esforzo» (3.1) suxire tamén que ser neofalanxe ten un significado emocional de respecto á propia personalidade e ao contorno. O mesmo ocorre cos demais participantes:

- 4.1. NEREA: gústame falar a lingua e creo que é importante que se [...] continúe a falar a lingua
- 4.2. XACOBO: eu precisamente, a min orgúllame ter decidido que non é algo que me viñese dado de nacemento. Eu decidín, falando castellano, pasar a falar galego

Algúns participantes tamén mencionan este significado en relación co futuro do galego, para o que os neofalantes xogan un papel importante:

- 5.1. NEREA: Porque se non o facemos nós, vaise perdendo, non?
- 5.2. UXÍA: Eu creo que os Neofalantes xogan un papel crucial e chave
- 5.3. LUCÍA: Creo que o neofalantismo é xenial porque [...] polo menos fálase galego

Polo tanto, pódese afirmar que fundamentalmente hai unha autoimaxe bastante consciente, xa que se revelaron sentimentos positivos-afectivos na autorreflexión.

O uso do «polo menos» (5.3.) é especialmente importante porque implicitamente móstranos que a falante considera que o seu galego é peor ca o dos falantes nativos. Iso vai xunto coas descrições de todos os participantes sobre a súa propia calidade lingüística:

- 6.1. NEREA: é moi diferente [...] o galego que falan as persoas do rural [do] que [...] falamos nós
- 6.2. LUCÍA: os que non falamos galego dende a casa [...], falamos un galego moi normativo
- 6.3. ARANTZA: Eu penso que igual xa hai pronunciacións que non vou ser capaz de facer correctamente ou de forma natural e espontánea. A forma de construír as frases, clarisimamente
- 6.4. UXÍA: te sintes un robot. É dicir, falas dunha maneira moi parada
- 6.5. XACOBO: Eu creo que dista moito da perfección

Obsérvase que todos cualifican o seu propio galego falado como normativo e en parte insuficiente ou defectuoso. Todos os participantes referíronse ao falante nativo, cuxa forma de falar consideraron predominantemente de maior calidade:

7.1. ARANTZA: Paleofalantes, que teñen moitísimo máis riqueza á hora de falar

Podemólo ver tamén nas afirmacións sobre variedades dialectais, que se analizan no capítulo 4.3. XACOBÓ tamén describe que atribuíu unha maior filiación á lingua aos falantes nativos:

7.2. XACOBÓ: probablemente o galego sexa a súa lingua

Porén, o máis importante é a imaxe estranxeira, que todos os suxeitos describen de xeito similar. De forma consistente, o descontento exprésase pola actitude despectiva e os comentarios dos falantes nativos cara aos neofalantes:

8.1. NEREA: se rían de nós cando falamos galego ou pelexan para que, para que fales en castelán con eles. Entón a loita máis dura está dentro da casa

8.2. LUCÍA: pero vai pasar por un momento de, vamos a dicir, de discriminación

8.3. LUCÍA: hai xente que que rechaza o galego dos neofalantes [...] por ser antinatural

8.4. ARANTZA: pero a xente que lle, como que lle facía un pouco de burla

8.5. ARANTZA: Si, de comentarios, e de bromas e todo eso, si

8.6. UXÍA: mui malo que tiña a xente sobre os neofalantes, que como non falamos un galego tradicional e cultural, con dialectalismos

8.7. UXÍA: Pero logo che van a criticar porque ti fales o galego normativo

8.8. XACOBÓ: «Si, ti falas galego desde hai 15 días e eu levo falando toda a vida, eu son auténtico depositario do galego, porque falo galego desde que nacín». Eso sería a actitude típica de un paleofalante o dun nativo de galego

Por unha banda, detéctase aquí un forte conflito, que aparece claramente a través do uso das expresións «loita» (8.1) e «mui malo» (8.6), así como das descrições de «discriminación» (8.2) e da actitude despectiva dos falantes nativos en todas as citas.

A maioría dos participantes rexeitan outros prexuízos negativos asociados a unha posición política:

9.1. LUCÍA: desterrar un pouco a idea de «que se falas galego eres do Bloque»

9.2. ARANTZA: como que se falas en galego ou se eres neofalante, xa te significas con unha determinada ideoloxía. Eso creo que ao final tamén fai que o galego se poida falar menos

9.3. UXÍA: os neofalantes son todos do BNG (*ri*). E non é certo

Só XACOBO considera que a actitude nacionalista é unha característica básica dun neofalante:

9.4. XACOBO: normalmente o proceso de... unha persoa faise nacionalista e despois comezas a falar galego

Así, pódese afirmar que a maioría dos participantes considera o neofalantismo independente dunha determinada ideoloxía, pero isto non ten validez xeral, como mostra a última cita de XACOBO. Porén, en xeral, todos os participantes describen o neofalantismo como algo de carácter político, así como un acto de resistencia e oposición:

10.1. NEREA: por un lado un acto de resistencia

10.2. LUCÍA: eu creo que falar galego en moitas ocasións [...] é unha cuestión política

10.3. ARANTZA: supoño que si tamén hai un elemento de, bueno, de rebeldía

10.4. XACOBO: Si, unha actitude de resistencia

10.5. UXÍA: o neofalantismo tamén é unha xente emancipadora. É dicir, ti te emancipas de algunha forma lingüisticamente e tamén culturalmente

Esta última cita tamén engade unha compoñente emancipadora, que ten relevancia tanto lingüística coma cultural. Na cita 10.2 tamén se aprecia unha compoñente política de resistencia, que tamén comparten XACOBO e UXÍA:

10.6. XACOBO: É unha forma de separarte por así dicir de España. Que é demostrar que hai unha forma de vivir que non ten por que ser a española. Que é válida igual e que eu reivindico ademais

10.7. UXÍA: Para min unha escolla lingüística tamén é unha escolla política

Porén, esta última opinión é negada por ARANTZA e NEREA:

10.8. ARANTZA: Eu non a tomei como algo político ou de rebeldía

10.9. NEREA: Entón non creo que necesite resistirme contra esas personas, porque eles tamén teñen a súa identidade

Outros participantes engaden ou defenden a idea de que o proceso de resistencia se limita, entre outras cousas ou exclusivamente, ao plano lingüístico:

11.1. NEREA: nos casos nos que a xente [...] non cambian

11.2. LUCÍA: Os que queremos usar máis, empregar máis o galego na nosa vida, obríganos a tamén, forzar

11.3. XACOBO: a defensa da lingua independentemente

4.2. «Galicia no contexto lingüístico-cultural»

En xeral, Galicia é descrita por todos os participantes no contexto cultural como unha rexión rural, que está e estivo habitada en particular por persoas de orixe pobre:

12.1. LUCÍA: Ao final que Galicia nunca foi unha comunidade rica, vén dende abaixo. É unha comunidade do mundo rural, a comunidade mariñeira

12.2. ARANTZA: moi vinculada ao mundo rural. E como grupos sociais máis pequenos

12.3. XACOBO: nacións periféricas, nación sen estado, como no caso da Galiza

Son especialmente interesantes as declaracións de XACOBO, que se diferencian fundamentalmente das dos demais participantes xa que describen Galicia como unha nación. Isto quedará claro no seguinte discurso deste bloque temático.

Case todos os participantes identifican a lingua galega e outros elementos lingüístico-comunicativos, que se consideran inseparables, como centrais da identidade colectiva de Galicia:

13.1. LUCÍA: a fraseoloxía, as expresións que temos, están, pois, moi vencelladas a calquera festa. Todo que tenga, incluso coa relixión e demais, utilizámolas, as persoas que falan os refráns e fraseoloxía, que utilizamos, é en galego moitas veces

13.2. LUCÍA: [A lingua galega] é algo noso

13.3. ARANTZA: Sinto que ese punto de compartir esa lingua de unha forma nada pensada [...], como un pouco máis de unión nese sentido, como, vai, acercamento

13.4. UXÍA: Entón, para min a cultura, sobre todo a Comunidade Galega en xeral, é o que paréceme máis importante. Está totalmente identificado coa lingua

13.5. XACOBO: no caso galego, o que ten no centro, o elemento étnico [...], é a lingua, o elemento central

En particular, as afirmacións «noso» (13.2), «totalmente» (13.4) e «central» (13.5) expoñen a súa especial importancia. Tamén a maioría comparte a opinión de que un galego tamén debe falar galego. Isto demostra que a lingua galega se considera esencial para a continuidade da identidade colectiva de Galicia. Só XACOBO non está de acordo, xa que as súas opinións se dedican maioritariamente ao

establecemento político-institucional e social dunha nación galega e menos á lingua galega:

14.1. XACOBO: cada día son menos defensor activista, digamos, do galego

14.2. XACOBO: A min no me preocupa demasiado que dentro de 50 anos todo o mundo fale castellano, se iso serviu para a emancipación social do pobo galego

Recoñécese en xeral que ao galego se lle dá unha grande importancia. Segundo o enfoque das diferentes áreas, menciónanse diferentes compoñentes. Porén, hai unha tendencia a compartir a opinión de que o galego ten un significado cultural-comunitario-identitario:

15.1. NEREA: E por outro tamén de preservar a tradición, as nosas orixes

15.2. UXÍA: formar parte de unha Comunidade. Galicia, o galego en xeral, fai que formes parte dunha tradición, que formes parte de algo

Así, considérase que o galego ten unha función integradora cara ao interior e unha función demarcadora cara ao exterior. XACOBO especifica explicitamente:

16.1. XACOBO: falar galego forma parte, digamos, de unha forma de estar no mundo. Da forma de estar no mundo, da forma de ser no mundo galega, non española

A referencia ao Estado español é compartida por todos os entrevistados. Cabe mencionar aquí que todos os participantes perciben unha marxinalización da lingua galega:

17.1. LUCÍA: hai moitos anos había esa idea de que o galego era de xente pobre, non? De xente da aldea. Porque, en xeral, foi unha lingua tan reprimida, tan castigada, está identificada con uns grupos sociais concretos

17.2. UXÍA: a lingua galega, sempre faláron obreiros, sempre faláron mariñeiros, sempre faláron docentes, sempre faláron escritores, xente de a pé, xente da masa popular, que foi a máis castigada

O uso dos termos «tan» (17.1) e «moito» (17.1) mostra a forte percepción de marxinalización nalgúns casos. Xunto a isto, e como consecuencia, catro participantes describen que existe un certo autodesprezo pola lingua do rural:

18.1 NEREA: «Ai, é que o meu galego non é galego bo. Ai, falo como podo»

18.2. LUCÍA: Si, que hai como ese autodesprezo

18.3. UXÍA: É dicir, un nativofalante de galego probablemente te diga que eles falan castrapo ou que falan un galego mal

18.4. XACOBO: cuando eran preguntados por cual era o galego correcto nunca dicían a súa propia variedade

Polo tanto, isto pódese considerar como parte percibida da identidade galega. Descríbese como factor de influencia unha estrutura social xerárquica a favor do castelán e, polo tanto, en desvantaxe do galego:

- 19.1. UXÍA: castelán, que é a lingua de prestixio
- 19.2. UXÍA: E o castelán, pois, foi por décadas, séculos, unha lingua relacionada co imperialismo
- 19.3. XACOB: se me impón historicamente que a forma correcta de vivir e falar castellano
- 19.4. XACOB: Ti vas ao médico, seguramente o médico vaiche falar en castellano
- 19.5. NEREA: creen que o castelán ten máis prestixio. Dáme un pouco de pena

As citas 19.2 e 19.3 ilustran moi claramente que para algúns participantes a xerarquía inclúe unha compoñente político-histórica. Isto é corroborado por algúns participantes:

- 19.6. NEREA: Vamos, é un pouco, a actitude da persoa que fala galego e da persoa que fala castelán, é un pouco distinta
- 19.7. NEREA: Pero si ao revés, a persoa que fala en castelán vai continuar falando en castelán, non vai cambiar ao galego. Aínda que fale
- 19.8. UXÍA: En Galicia, a tradición é algo xa pasado, é algo dos avós, e o correcto, o moderno, é o castellano
- 19.9. ARANTZA: creo que o castelán está o xa está en todas las áreas. Ten un peso moi, moi brutal

A cita 19.6 revela que os grupos lingüísticos están diferenciados *per se*. O uso do termo «brutal» en 19.9 tamén mostra a intensidade coa que se percibe este conflito nalgúns casos. Isto tamén se demostra coa seguinte cita:

- 20.1. LUCÍA: é todavía unha loita

O problema descrito debe estar relacionado en particular coa mencionada resistencia lingüística, pero tamén se observa noutros ámbitos. Algúns participantes inciden, por exemplo, nas diferenzas con España:

- 2.1.1. NEREA: e todos temos os nosos actos de resistencia, da nosa rexión, por que ao final España, é que non hai unha España
- 21.2. UXÍA: dentro ou fóra do Estado español ti tes unha patria distinta o por lo menos distintiva culturalmente que a española

UXÍA e XACOBO mesmo cren que o galego é un símbolo de identidade nacional. Aquí tamén se recoñecen os puntos de vista da propia imaxe respecto de Galicia:

22.3. UXÍA: unha identidade nacional galega, claro. Para min, si

22.4. XACOBO: No caso do galego o máis importante, sen dúbida, é a lingua, porque foi a reivindicación histórica dos nacionalistas históricos, foi a reivindicación que tivo no central o uso da lingua

22.5. XACOBO: o movemento nacionalista se sostén sobre a lingua galega

NEREA percibe unha forte conexión entre o galego e o portugués:

23.1. NEREA: É increíble, pensar, é tan, paréceme moi, eh, incluso ata no modo sentimental. Falar con alguén que vén dun continente diferente [...] e ter tanto en común a través da lingua é algo que é increíble en, bueno, ten valor marabilloso

23.2. NEREA: Eh, paréceme [...] moi interesante, aparte creo que no meu caso coas relaciones que teño con persoas de por exemplo de Brasil é fascinante ver o similares que son as nosas linguas.

O uso dos termos «no modo sentimental» (23.1), «valor marabilloso» (23.1) e «fascinante» (23.2) mostra que a conexión co portugués é considerada emocional. XACOBO mesmo considera o galego e o portugués como unha soa lingua, xa que apoia o movemento reintegracionista:

24.1. XACOBO: galego e o portugués son a mesma lingua

24.2 XACOBO: aquén e alén do Miño falamos a mesma lingua, que en Guinea-Bissau e no Brasil e tal falamos a mesma lingua

En cambio, hai un forte rexeitamento a estas opinións por parte de UXÍA:

24.3. UXÍA: outra lingua imperialista, que é o portugués

4.3. «Galicia no contexto lingüístico-práctico»

Para todos os participantes, a conciencia lingüística xa mencionada tamén repercute no comportamento comunicativo na vida pública, xa que o galego é a lingua dominante para todos os participantes:

25.1. NEREA: É dicir, cando vou a comprar algo ou diríxome a alguén nunha nova situación, intento que sexa en galego

25.2. ARANTZA: cando volvo a Galicia, realmente toda a miña vida está sendo en galego

25.3. UXÍA: a miña vida é totalmente en galego

Isto demostra que hai unha forte lealdade cara ao galego. As actitudes cara ao cambio de código son máis interesantes. Aquí, a maioría dos participantes describen que continúan falando en galego cando outras persoas responden en castelán:

26.1. LUCÍA: salvo que alguén me diga [...]: «Non te entendo, por favor fálame en castelán»

26.2. XACOB: que alguén me di: «Oye, que no te entiendo», non teño ningún problema falar castellano

26.3. UXÍA: Vou seguir falando galego, e incluso, o que quero provocar e que provoqueei, que a xente me fale en galego

Esta última cita, en concreto, correspóndese coas descrições de que o galego é un acto de resistencia e indica que se desexa o establecemento do galego, o que tamén vale para todos os demais participantes:

26.4. LUCÍA: para iso hai que ser un pouco valente, non? Hai que ter forza de vontade de non cambiar

O uso dos termos «valente» e «forza» (26.4) ilustra o alto valor que se lle concede á resistencia lingüística. Os participantes que tenden a cambiar ao castelán para evitar molestias:

27.1. ARANTZA: si noto que hai un pouco de incomodidade, cambio para o castelán

27.2. XACOB: Eu sospeito que serían capaces de entender, mas, pronto, por evitar circunstancias familiares adversas, falo castellano

27.3. UXÍA: Entón claro, ao final ou mandas esa persoa a tomar polo cu ou intentas ser un pouco diplomática e te pasas

Porén, a expresión vulgar «mandas [...] a tomar polo cu» (27.3) ilustra o rexeitamento destas situacións. NEREA tamén expresou o seu descontento ao respecto:

27.4. NEREA: é un pouco triste, trato de falar coas outras persoas en galego e conversan en castelán

Todos os participantes revelan a motivación detrás destas opinións a través de actitudes negativas cara á situación desigual na realidade do bilingüismo:

28.1. LUCÍA: Unha cousa non implica negar a outra. Podemos convivir perfectamente, pode convivir o español co galego sen ningún problema

28.2. UXÍA: o bilingüismo xa se intentou. E o que provocou, unha substitución lingüística do galego

Curiosamente, aínda que se acepta o bilingüismo como compoñente identitario, isto non leva necesariamente a unha actitude satisfactoria ante a súa práctica; moitos participantes cualifican as circunstancias do bilingüismo como xerárquicas, o que implica a categorización da marxinación do galego:

29.1. XACOBO: Que a persoa que está abaixo pode que fale castellano, pode que fale gallego, mas a persoa de arriba sistematicamente pode falar castellano

29.2. LUCÍA: Entón eu creo que hai moita xente que aínda que sexa, que aínda que sexa galegofalante, falan castelán, porque sente que que lle van a entender mellor o que sentes como que estaba faltando a educación. Non que é de mala educación que se lle falan en castelán e contesta en galego

Descríbese tamén coas representacións das seguintes situacións:

30.1. NEREA: na sanitaria, cando alguén vai ao médico ou demais e incluso as persoas que son galegofalantes diríxense a estas persoas de autoridades en castelán

30.2. ARANTZA: unha especie de traballo de cargo público, cambian e falan castelán

Canto ás características lingüísticas, as opinións varían moito. Algúns expresaron opinións neutras ou positivas sobre os castelanismos en galego:

31.1. LUCÍA: é verdade que era un galego moi castelanizado en ocasións, pero bueno, é fruto da historia

31.2. NEREA: creo que é algo natural e fai o cambio natural

31.3. NEREA: É que mellor que se fai, que se fale galego e que ás veces se utilizan palabras en castelán, que non se fale. Entón paréceme, pois, positivo mentres se continúe a falar galego

É necesario destacar a opinión de NEREA cara aos castelanismos, dado que ten unha percepción máis negativa cando se trata do nivel fónico:

32.1. NEREA: porque ao final estase permitindo o acento, ou sotaque máis castelán con a fonética máis castelá e iso vai en detrimento do galego

Pois, por outra banda, outros participantes consideran os castelanismos como problemáticos e prexudiciais para o galego en xeral:

32.2. UXÍA: Moitos castelanismos que tes como que moi moi moi, como que interfere moita na túa lingua

32.3. XACOBO: Non é absoluto claro o que é o que é galego

Como xa se pode ver a partir da autoimaxe e da avaliación das propias calidades de fala, as variedades dialectais son consideradas moi positivas pola maioría dos participantes:

33.1. LUCÍA: Eu penso que a min me encantan

33.2. NEREA: porque en realidade eles son quen falan un galego máis auténtico

33.3. ARANTZA: a min parécenme bonito

33.4. UXÍA: A min paréceme un gran riqueza fascinante

33.5. UXÍA: estado de galego tradicional, marabilloso

As expresións «encantan» (33.1), «máis auténtico» (33.2), «riqueza fascinante» (33.4) e «marabilloso» (33.5) ilustran especialmente a intensidade da afectividade. Só XACOBO non dá especial importancia ás variacións. Isto resulta especialmente interesante en relación coa súa postura reintegracionista.

4.4. «Galicia no contexto político-lingüístico»

En xeral, os participantes cualifican a política lingüística de insuficiente e pouco específica:

34.1. NEREA: xa non é como antes

34.2. LUCÍA: a Xunta debería facer algo

34.3. XACOBO: non serve para garantir a pervivencia do idioma

34.4. UXÍA: ti tes a obriga de falar e entender o castelán, pero non tes a obriga de falar entender o galego. Tes o dereito, pero non tes a obriga. Entón, aí xa partimos dunha situación desigual

34.5. ARANTZA: moitas veces está vinculado a cuestións políticas, coas que non estou moi de acordo

Isto vai en liña coas observacións de que o galego está ameazado de extinción e que o Estado español comparte actitudes e obxectivos desfavorables para a lingua galega.

A través da compoñente emancipadora e da maior conciencia lingüística, os participantes demandan así máis iniciativa activista. Isto tamén se demostra coas seguintes citas:

35.1. XACOBO: Eu creo que se as persoas nos organizamos e traballamos para que o futuro da lingua sexa outro, pois pode ser outro

35.2. ARANTZA: ten que haber un movemento social que apoie esa lexislación, se non é unha tontería e papel que nunca se leva á práctica

Segundo as impresións xerais, a visión do futuro dos suxeitos tende a ser negativa:

36.1. XACOBO: Vamos, a min paréceme complicado, eh, que de aquí en cen anos a situación do galego teña mellorado

36.2. ARANTZA: eu creo que se está perdendo é que o máis probable. Non teño unha visión optimista da situación do galego

Só LUCÍA describe unha posibilidade de cambio positivo:

36.3. LUCÍA: eu creo que se pode revertir a situación

4.5. Outros

Tendo en conta as biografías lingüísticas de todos os participantes e a aprendizaxe do galego a través da educación primaria, resulta concluínte que o da educación é considerada por moitos como un ámbito importante da política lingüística que, porén, está insuficientemente cuberto:

37.1. LUCÍA: Eu creo que na escola sobre todo, porque os nenos o teñen máis presente que é, creo que, o máis importante

37.2. ARANTZA: na escola, nos institutos, non se fala galego como se tendería

37.3. UXÍA: hai un problema bastante grande en ausencia, sobre todo de Secundaria e de Primaria

En relación á súa propia biografía lingüística, volve ser evidente a vontade de reforma. Os efectos disto tamén se poden ver nas actitudes cara á transmisión interxeracional, que foron mencionadas por algúns entrevistados:

38.1. LUCÍA: Eu agora escoito moitísima xente que cos seus fillos fala galego [...] penso «Ese neno vai aprender a falar galego»

38.2. XACOBO: no futuro vaise inverter, por que a xente que está aprendendo agora a falar galego, vai a falar galego coas súas crianzas

Cómpre sinalar aquí unha contradición nas afirmacións de XACOBO, xa que as súas afirmacións no 36.2 ilustran unha visión pesimista da visión do futuro do galego, o que tamén revelou UXÍA:

39.1. UXÍA: Entón temos dúas xeracións mudas. Isto xa é un perigo

5. Discusión dos resultados da investigación

Ademais dos catro bloques temáticos aplicados, que serviron de estrutura para as entrevistas, tamén se abordaron os conceptos de *identidade*, *ideoloxía* e *actitude*, que xa foron consultados para a concepción das entrevistas. O obxectivo é agora discutir e resumir os resultados de forma condensada, tanto entre eles coma cos coñecementos actuais da investigación.

En primeiro lugar, cómpre describir que, segundo a categorización tabulada dos neofalantes (Táboa 1), pódese cualificar que os participantes teñen unha práctica lingüística esencial-funcional e corresponden en parte co «perfil ideal» dun neofalante. A restrición da cualificación como funcional é recoñecible desde a autoimaxe de todos os participantes, xa que a maioría dos suxeitos revelan unha pertenza a unha identidade bilingüe. Todos os participantes teñen unha alta conciencia lingüística e perciben o neofalantismo e, polo tanto, en definitiva, a súa propia biografía lingüística como algo relevante e emocionalmente significativo. Aínda que non está vinculado a unha ideoloxía concreta, para todos os participantes é un acto de resistencia lingüística e/ou política para a emancipación da lingua galega ou do pobo galego.

O desexo de emancipación tamén está fortemente ligado á identidade colectiva de Galicia e ás ideoloxías respectivas dos participantes. As descrições de que Galicia é percibida como un suxeito cultural cunha compoñente histórica, como pobre e rural, e que iso redunda no autodesprezo e na marxinación dentro do Estado español, inciden nos tres conceptos estudados, que tamén interactúan reciprocamente entre si e cos bloques temáticos definidos.

A identidade dos participantes caracterízase sobre todo como un suxeito de resistencia e emancipación da lingua e da cultura galegas. Canto á identidade colectiva percibida de Galicia, observamos un factor de influencia indispensable neste caso, sobre todo en relación ás compoñentes históricas e sociais. En particular, as observacións de que a lingua galega é esencial para a continuidade dunha identidade colectiva en Galicia demostran que se lle atribúe un significado especial a este respecto.

Isto vai xunto coas percepcións ideolóxicas dos participantes, que segundo o enfoque dos distintos niveis e a percepción da intensidade, conforman unha inferioridade e marxinación no contexto lingüístico, cultural, social e/ou político. Tamén destacan aquí as descrições dun certo conflito con España. Isto aclara tamén o rexeitamento á política lingüística de Galicia.

Polo tanto, as actitudes cognitivas reveladas, especialmente as ideas e os conceptos dos participantes, están inevitablemente vinculadas coas ideoloxías. Isto tamén afecta ás actitudes afectivas, é dicir, aos sentimentos, como ilustraron algunhas citas. As actitudes conativas, que están relacionadas co comportamento, son especialmente perceptibles a nivel lingüístico-práctico. Neste sentido, obsérvase unha estreita relación coa situación sociolingüística do galego.

As citadas interrelacións destas compoñentes e o alto nivel de conciencia lingüística dan como resultado unha práctica lingüística que aclara unha forte fidelidade ao galego. Non obstante, a identidade bilingüe recoñécese principalmente en situacións de cambio de código, especialmente cando o respectivo interlocutor expresa que non fala galego. As percepcións identitarias e ideolóxicas, sobre todo en relación á marxinación e xerarquía, tamén se perciben no contexto comunicativo e do bilingüismo en Galicia. Aínda que os castelanismos se consideran tanto positivos coma negativos, a forte admiración que se describe case colectivamente polas variedades dialectais aclara polo menos un purismo lingüístico (cf. Regueira 2012), xa que estas variedades permanecen en gran parte non tocadas polas influencias españolas. Porén, aquí só podemos falar dunha percepción dun purismo latente, xa que algúns dos participantes non revelaron actitudes negativas cara aos castelanismos.

Tamén se reflicten as reivindicacións relativas á súa propia calidade lingüística, que colectivamente se cualifican de negativas, o que se xustificaba especialmente en comparación cos falantes nativos. Aínda que estes últimos están idealizados en canto á súa práctica lingüística, en cambio, descríbese un conflito que se constata mediante comentarios despectivos cara ás calidades lingüísticas dos neofalantes. Así foi descrito por todos os participantes e revela as actitudes afectivas de orgullo e autoestima dos participantes, que igualmente queren emancipar a súa propia consideración como suxeito lingüístico

Isto tamén revela que a sociedade galega posiblemente ten visións contraditorias sobre un *galego fermoso*: os nativos falan *castrapo* (cf. Iglesias Álvarez 2016) ou un galego demasiado dialectal, e os neofalantes falan un galego antinatural e demasiado normativo.

Tamén se evidencian actitudes máis afectivas nas descricións dos participantes, que describen a educación e a transmisión interxeracional como factores significativos. Debido á aprendizaxe do galego a través do ensino e da ausencia de transmisión familiar, recoñécese que a biografía lingüística inflúe nos conceptos tematizados.

As influencias biográficas vémolos especialmente nos discursos de LUCÍA, UXÍA e XACOBÓ, que tiveron formación universitaria, xunto con, polo menos, partes da Filoloxía galega, polo que, en boa medida, as súas actitudes poden cualificarse de máis intensas e ofensivas.

Ademais, cómpre sinalar que as identidades lingüísticas, ideoloxías e actitudes dos suxeitos adoitan ser complexas, diversificadas e sempre heteroxéneas. Así o demostran, en particular, as percepcións de NEREA e XACOBÓ sobre as referencias do galego ao portugués; pero, en definitiva, as declaracións de XACOBÓ en xeral. Porén, intentouse presentar coincidencias comúns entre os suxeitos como neofalantes.

En relación cos resultados da investigación xa coñecidos, coinciden os seguintes aspectos das identidades, ideoloxías e actitudes lingüísticas dos neofalantes:

- Compártese a opinión de que tanto a identidade persoal como a colectiva son bilingües, pero sendo o galego o máis habitual, o que resulta unha identidade máis galega (cf. González González *et al.* 2011: 87; Instituto Sondaxe 2022: 9; O'Rourke/Ramallo 2018: 94).
- Dado isto, a maioría dos participantes compartiu a opinión de que unha persoa galega tamén debe falar galego (cf. González González *et al.* 2011: 87).
- En consecuencia, o bilingüismo tende a ser aceptado, especialmente no ámbito educativo e no contexto da transmisión interxeracional (cf. González González *et al.* 2011: 129; O'Rourke/Ramallo 2018: 104; Ramallo 2021: 234.).
- Unha gran proporción considera que a lingua galega está ligada á identidade galega e forma parte esencial da sociedade galega (cf. O'Rourke/Ramallo 2018: 97, 104).
- Falar galego ten unha forte relevancia en todas as partes e un carácter emancipador-resistente para a emancipación lingüística do galego (cf. Amorrortu *et al.* 2019: 17; Moralejo Silva/Ramallo 2019: 167).
- As políticas lingüísticas cualifícanse de insuficientes (cf. González González *et al.* 2011: 106).
- A contribución dos neofalantes é considerada como relevante para o futuro do galego (cf. O'Rourke/Ramallo 2018: 104).
- As variedades dialectais considéranse positivas e a forma de falar dos falantes nativos é idealizada (cf. Jaffe 2015: 23; O'Rourke/Ramallo 2018: 98).

- En consecuencia, a propia «capacidade lingüística [é considerada] inferior» (O'Rourke/Ramallo 2018: 100), o que resulta en cuestións da propia autenticidade lingüística (cf. Urla/Ramallo 2021: 4).
- Neste contexto, exprésase un forte resentimento ante comentarios despectivos, bromas e ás veces discriminación dos falantes nativos (cf. O'Rourke/Ramallo 2018: 102).

Non obstante, os seguintes resultados do estudo da entrevista difiren ou complementan o estado actual da investigación:

- Aínda que a Universidade é descrita como un ambiente ideal para a xeración de neofalantes (cf. Moralejo Silva/Ramallo 2019: 170), isto só é certo para dúas de cada cinco participantes.
- A lingua galega non é vista como símbolo de identidade nacional pola maioría dos participantes (cf. O'Rourke/Ramallo 2018: 104).
- Falar galego ten un significado predominantemente político, pero non se pode cualificar de sobrepolitización (cf. *ibid.*: 103).
- Os neofalantes non adoitan ser apreciados polos nativos (cf. *ibid.*: 100). A partir dos datos das entrevistas, pódese falar incluso dun conflito identitario existente entre falantes nativos e neofalantes.
- Os neofalantes deste estudo tiñan unha opinión bastante negativa en relación co futuro da lingua galega (cf. Monteagudo/Loredo/Vázquez 2016: 130).

6. Conclusións

A combinación dun tratamento detallado da literatura de investigación cos procesos de análise de entrevistas deste traballo fixo posible identificar influencias multifacéticas e interaccións recíprocas de factores histórico-culturais e sociopolíticos en relación coas ideoloxías lingüísticas. Estes últimos teñen un efecto nos suxeitos entrevistados con tendencia a consecuencias similares, que, non obstante, non poden pretender unha validez xeral debido á individualidade e subxectividade da identidade e da actitude. Xunto con isto, pódese ver que a compoñente autobiográfica tivo un impacto individual nos participantes.

O obxectivo deste traballo era describir as actitudes, as identidades e as ideoloxías dos neofalantes. Isto puido lograrse a través da metodoloxía utilizada, na

que se puxeron de manifesto tanto os puntos comúns coma as diferenzas en comparación coa literatura de investigación. Por un lado, isto débese ao perfil concreto; por outro, trátase dun campo de investigación comparativamente pouco tratado, o que beneficia a contribución científica deste traballo.

Para unha maior perspectiva de investigación é necesario realizar máis estudos cualitativos sobre os neofalantes. Isto é necesario, sobre todo, en relación aos estudos de casos con participantes sen formación universitaria ou lingüística.

Referencias bibliográficas

- Amorrortu, Estibaliz *et al.* (2019): «¿Qué supone ser neohablante de una lengua minorizada?», en F. Ramallo/E. Amorrortu/M. Puigdevall (ed.), *Neohablaantes de lenguas minorizadas en el Estado español*. Madrid: Iberoamericana Vervuert, 7-21.
- González-González *et al.* (2011): *Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004*. A Coruña: Real Academia Galega.
- IGE = Instituto Galego de Estadística (2019): «Enquisa estrutural a fogares». Dispoñible en <https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004>. [Consultado do 10/05/2023]
- Iglesias Álvarez, Ana María (2016): «Castelanismos e galeguismos: a súa relación co estándar», *Estudos de Lingüística Galega*, vol. 8, 107-125. DOI 10.15304/elg.8.3074.
- Instituto Sondaxe (2022): «Barómetro Trimestral Galicia. Informe de resultados. A Coruña: Instituto Sondaxe».
- Jaffe, Alexandra (2015): «Defining the new speaker: Theoretical perspectives and learner trajectories», *International Journal of the Sociology of Language* 231, 21-44. DOI: 10.1515/ijsl-2014-0030.
- Misoch, Sabina (2014): *Qualitative Interviews*. Berlin/München/Boston: De Gruyter Oldenbourg. DOI: 10.1515/9783110354614.
- Monteagudo, Henrique/Xaquín Loredó/Martín Vázquez (2016): *Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Moralejo Silva, Rubén/Fernando Ramallo (2019): «Las condiciones del (Pre)Neofalantismo y el proceso de conversiación lingüística en Galicia», en F. Ramallo/E. Amorrortu/M. Puigdevall, M. (ed.), *Neohablaantes de lenguas minorizadas en el Estado español*. Madrid: Iberoamericana Vervuert. 165-183. DOI: 10.31819/9783964568830-009.
- Mosquera Castro, Estefanía (2019): «Travestismo Lingüístico: Una experiencia sociológica y didáctica sobre ideoloxías, obstáculos y persistencia en Neofalantes de gallego», en Ramallo/E. Amorrortu/M. Puigdevall (eds.), *Neohablaantes de lenguas*

- minorizadas en el Estado español*. Madrid: Iberoamericana Vervuert, 131-146. DOI: 10.31819/9783964568830-007.
- O'Rourke, Bernadette/Anik Nandi (2019): «New speaker parents as grassroots policy makers in contemporary Galicia: ideologies, management and practices», *Lang Policy*, vol. 18, 493-511. DOI: 10.1007/s10993-018-9498-y.
- O'Rourke, Bernadette/Fernando Ramallo (2013): «Competing ideologies of linguistic authority amongst new speakers in contemporary Galicia», *Language in Society*, vol. 42, 287-305. DOI: 10.1017/S0047404513000249.
- O'Rourke, Bernadette/Fernando Ramallo (2014): «Neofalantes as an active minority: understanding language practices and motivations for change amongst new speakers of Galician», *International Journal of the Sociology of Language*, vol. 231, 147-165. DOI: 10.1515/ijsl-2014-0036.
- O'Rourke, Bernadette/Fernando Ramallo (2018): «Identities and new speakers of minority languages: A focus on Galician», en C. Smith-Christmas/N. P. Ó Murchadha/M. Hornsby/M. Moriarty (eds.), *New Speakers of Minority Languages: Linguistic Ideologies and Practices Palgrave Macmillan*. Berlin: Springer 91-110. DOI: 10.1057/978-1-137-57558-6_5.
- Ramallo, Fernando (2021): «Neofalantismo y el sujeto neohablante», en L. Martín/J. Pujolar Cos (eds.), *Claves para entender el multilingüismo contemporáneo*. Zaragoza: Editorial UOC/Universidad de Zaragoza, 229-265.
- Ramallo, Fernando/Bernadette O'Rourke (2014): «Perfiles de neohablantes de gallego», *DIGITHUM*, vol. 16, 98-105.
- Ramallo, Fernando/Martín Vázquez-Fernández (2020): «Condiciones del bilingüismo en la Galicia actual», en *Anuario. El español en el mundo*. Madrid: Instituto Cervantes, 209-234.
- Razaei, Saeed (2017): «Researching Identity in Language and Education», en K. King/Y.J. Lai/S. May (eds.), *Research Methods in Language and Education. Encyclopedia of Language and Education*. Cham: Springer, 171-182. DOI: 10.1007/978-3-319-02249-9_12.
- Regueira, Xosé Luís (2012): «Autenticidade e calidade da lingua: purismo e planificación lingüística no galego actual», *Estudos de Lingüística Galega*, vol. 4, 187-201.
- Soler, Josep/Jeroen Darquennes (2019): «Language policy and 'new speakers': an introduction to the thematic issue», *Lang Policy*, vol. 18, 467-473. DOI: 10.1007/s10993-018-9504-4.
- Tomé Lourido, Gisela/G. Bronwen Evans (2021): «Sociolinguistic Awareness in Galician Bilinguals: Evidence from an Accent Identification Task», *Languages*, vol. 6, 53, 1-26. DOI: 10.3390/languages6010053.
- Urla, Jacqueline/Fernando Ramallo (2021): «Activating new speakers: research among Spain's historic linguistic minorities», *Journal of Multilingual and Multicultural Development*, vol. 43:1, 1-7. DOI: 10.1080/01434632.2021.1987444.

Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Neste vol. 8 abórdanse temas coma o uso do artigo e posesivo con nomes de parentesco, as identidades e ideoloxías dos neofalantes, o monolingüismo na Educación infantil e a figura literaria da bruxa como motivo de análise nas aulas.

Universidade de Vigo